

PEZA DO MES

marzo

2003



VIRXE DE TRAPANI

PRIMER CUARTO DO SÉCULO XVIII

ALABASTRO POLICROMADO

32 x 12 x 13 cm

Nº DE INV. DX 154

COPIA DA "MADONNA DE TRAPANI", ORIXINAL ESCULPIDO POR NINO PISANO, NO SÉCULO XIV, E VENERADA HOXE EN DÍA, NO CONVENTO DA ANUNCIADA EN TRAPANI, CIDADE DA COSTA OCCIDENTAL DE SICILIA.





NOSA SEÑORA A BRANCA DA CAPELA DO SANTO CRISTO. OURENSE.

VIRXE DE TRAPANI

A dación, como figura xurídica aparece contemplada por primeira vez na lexislación española no Título VIII da Lei de Patrimonio Histórico Español de 1985. Os lexisladores facéndose eco das disposicións e resolucións internacionais, contemplaron neste Título unha serie de axudas e medidas fiscais e tributarias para aqueles cidadáns que convivan con bens de interese cultural - ben é verdade que non tantas como sería de desexar- no convencemento de que o Patrimonio público acrecéntase e deféndese mellor en tanto en canto os cidadáns o coñezamos e sintamos como propio, pero tamén cantas máis axudas se establezan para conservalos, coas suficientes contraprestacións para que os propietarios non o sintan como unha carga. Compreendendo, en fin, que o coidado do Patrimonio é, en todo caso, unha responsabilidade pública. É evidente que esta norma supón unha canle de enriquecemento do

Patrimonio público e dos museos, proporcionando, ademais, unha fonte interesantísima para o coñecemento do coleccionismo particular, do gusto, e da relixiosidade dunha determinada clase social.

Ó amparo e dictado do espírito desta Lei ingresaron, como depósito da Xunta o 22 de febreiro de 1999, no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, como pago parcial de liquidacións tributarias unha serie de bens incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, coa categoría de bens inventariados, entre os que destacan unha colección de moedas, uns marfís e unha Virxe de alabastro de Trapani, que hoxe damos a coñecer e que ven a incrementar o corpus delas, estudadas recentemente pola conservadora Ángela Franco Mata.

O modelo desta Virxe nai en pé co Neno é, seguindo á conservadora antes citada, unha copia tipo A da "Madonna de Trapani", orixinal esculpido por Nino Pisano, ó redor do segundo tercio do século XIV para un sacerdote de Chipre e que se venera, hoxe en día, no convento da Annunziata en Trapani (Sicilia). Realizada en mármore grego responde ós prototipos máis comúns difundidos por Europa durante os séculos XIII e XIV, é dicir, María represéntase de pé sostendo no brazo esquerdo ó Neno. Como é propio do estilo de Nino, a Virxe é de volumes contundentes e cabeza pequena, mira de lado e esboza un sorriso que ilumina o seu rostro de faccións finas e elegantes, mentras, o Neno dirixe a mirada cara a súa Nai como querendo chamar a súa atención.

A peza en cuestión é un exemplo máis da ampla difusión que acadou esta interesante iconografía por todo o Mediterráneo. As súas liñas delicadas, a súa elegancia formal moi cercanas á sensibilidade popular, unido a historia sobre a súa chegada a Trapani dende Chipre, onde verdade e lenda se entretécen e, fundamentalmente, a adopción pola Orde Carmelita desta Virxe como patroa, sen descartar, por suposto, as razóns de tipo político

-ocupación española de Sicilia a partir de Felipe III- fomentaron a extensión do seu culto e por ende a súa iconografía, primeiro en toda Italia e pouco máis tarde en todo o Mediterráneo. Pola contra, as interpretacións, que non copias, máis intelectualizadas que dende o século XV viñan realizándose por artistas da talla de Francesco Laurana e Doménico Gagini, anque tamén traspasan as fronteiras non acadarán o éxito da imaxe trecentista de Nino Pisano. En España, a área de expansión destas interpretacións, que Franco Mata denomina copia B, para diferenciarlas das primeiras, localízanse, soamente, no oriente penínsular e Baleares. Polo que algúns autores cataláns inclínanse a pensar que esta iconografía concreta, non deriva sempre de prototipos pisanos senón que é un produto de correntes diversas, e sen negar a influencia italiana, defenden un substrato formal na estatuaria catalana coetánea.

Prevalace, sen embargo, a copia puntual do orixinal trecentista, que alcanzará enorme éxito, sobre todo en zonas costeiras, sendo de gran devoción entre os mariñeiros. Dende o século XVI a forte demanda fai que os talleres se multipliquen, non só en Sicilia senón tamén en España. Lóxicamente, a calidade das pezas descende o que leva a dictar unha serie de disposicións que velen pola pureza das copias. A partir de entón, toman auge as pezas de pequeno formato destinadas á devoción en oratorios privados e conventos, diversificándose os materiais no que se realizan. Coñécense pezas en todo tipo de materiais: mármore, coral, marfil, destacando polo seu número as de alabastro. En Galicia, Franco Mata ten contabilizadas unhas doce copias de distintas calidades e épocas. Pertiño de nós, na Capela do Santo Cristo da catedral ourensá, vénrase baixo a advocación de Nosa Señora a Branca, unha imaxe de alabastro moi fina de talla, identificada por Gómez Moreno coa Madonna. Foi regalada por un devoto en torno ó 1697, ano no que se fixeron as coroas de prata sobredourada. No inventario de 1708 menciónase unha imaxe de “Nosa Señora a Branca coroada de prata que deu un devoto ó altar de Nosa Señora” de onde se



PEAÑA CO ESCUDO DA CIDADE DE TRAPANI.

pode inferir que fora doada non moito antes, como opinan Ferro Couselo e Lorenzo Fernández.

A nosa peza, dunha calidade aceptable, é un pouco máis pequena que o habitual, e como outras pezas de igual tamaño estaría destinada ó culto nun oratorio privado ou a ser veneradas na capela dun pazo, como cremos que é o caso. A Virxe nai de pé seguindo o modelo orixinal, leva sentado ó Neno sobre o brazo esquerdo, que supoñemos xiraría a cabeciña, que hoxe lle falta, para contemplala; unha das mans apóiase docemente sobre o peito da Virxe, mentres que a outra alárgaa para que a súa Nai a acaricie con tenrura. Veste túnica rozagante e sobre ela manto, con estampados florais que lembran bordados do século XV en policromía dourada, así como na cenefa do manto. As voltas que se deixan ver ó caer os pregos conservan restos de policromía azul, como é propio neste tipo de copias. O Neno leva túnica longa que deixa ver os pés espidos e o manto caído, todo decorado como o atuendo de María. A fronte da peaña, que é unha peza independente decorada con tornapuntas e calados, ten un escudo en relevo da cidade de Trapani, o que lexitimiza a súa orixe trapanense.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo/index.htm>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Ana María Veiga Romero . FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-226-2003



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



Camiño do
XACOBEO
2004



Praza Maior, s/n. – Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 – 32005 OURENSE

